

CONTROL GLOSARIO TEMA 4 DE SOCIAIS (0,2 PUNTOS X10)

ARRASTRA CADA PALABRA A SU DEFINICIÓN CORRESPONDIENTE

Alcalde	Arancel	Conselleiro	Deputación
Ministro	Xunta	Congreso	Asemblea
Comisión Europea		Cortes Xerais	

1. Institución europea integrada por comisarios elixidos polos gobernos dos países que compoñen a UE e polo Parlamento. A súa función é elaborar propostas políticas e lexislativas e presentalas ante o Consello; despois, no caso de seren aprobadas por este, vixía que se apliquen correctamente.

2. Reunión de persoas que pertencen a un mesmo grupo ou asociación para tratar sobre asuntos determinados.

3. Presidente do concello ou corporación municipal e primeira autoridade no goberno do concello.

4. Tarifa que se paga en aduana ao importar un obxecto ou pola utilización de certos servizos.

5. Cámara baixa do Parlamento, propia dos países en que este está formado por dúas asembleas de representantes e integrada polos deputados, e que ten como principal responsabilidade a redacción das leis e o control do Goberno.

6. Órgano de goberno da Comunidade autónoma de Galicia.

7. Persoa que está á fronte dunha Consellaría, un organismo que se encarga das cuestións da súa competencia (economía, sanidade, educación, cultura etc.) dentro dunha Comunidade autónoma.

8. Órgano que se encarga do poder lexislativo. Componse de dúas cámaras: o Congreso e o Senado.

9. Corporación elixida para dirixir e administrar os intereses dunha provincia

10. Persoa que forma parte do goberno dun país e que ten ao seu cargo un ministerio